

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN ALIAD ULTREIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DETECCIÓN E RESTABLECEMENTO DE MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL

REUNIDAS

Dunha banda, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

E doutra, María Barba Núñez, que actúa en nome e representación da Asociación Aliad Ulteia (G27021120), en virtude da súa condición de representante legal como presidenta da entidade, elixida pola Asemblea Xeral da asociación de 17 de xuño de 2021.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro. Que a Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero.

Cuarto. Que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece no seu artigo 3 que a violencia sexual, a trata con fins de explotación sexual e a explotación sexual, son formas de violencia de xénero.



Ademais dentro dos principios que orientan esta lei, recóllese no artigo 4 que se considera a violencia de xénero como unha forma extrema de desigualdade, incidindo unha parte importante da lei na **prevención** da violencia a través da sensibilización, a investigación e a formación en materia de igualdade.

Neste sentido o artigo 12.1 da mesma Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, en colaboración cos restantes departamentos da Administración autonómica, potenciará nas universidades galegas e noutros entes, espazos ou organismos, a **investigación** sobre as causas e consecuencias da violencia de xénero, así como sobre os medios necesarios para evitala, o grao de sensibilización da sociedade ante a mesma e os medios necesarios para o seu tratamento.

Tamén no seu artigo 15.1, dispón que a Xunta de Galicia garantirá, a **formación** en igualdade de todas e todos os profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero, e en especial das e dos profesionais da sanidade, dos servizos sociais, educativos, das Forzas e Corpos de Seguridade e das operadoras e os operadores xurídicos.

Quinto. Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos.

De xeito especial, as mulleres **vítimas dun proceso de trata e explotación sexual** atópanse nunha situación de maior vulnerabilidade, dada a problemática complexa que presentan que afecta aos diferentes eidos da súa vida, desde a súa situación xurídica, a garantía dos seus dereitos, o acceso aos recursos, a súa situación económica, a súa inserción laboral, a atención sanitaria especialmente en relación á saúde mental e adiccións, ao que se une en moitas ocasións a falta dunha rede de apoio social ou familiar.

Esta situación fai necesaria unha atención especializada por profesionais que poidan realizar un abordaxe integral que mellore a detección de vítimas de trata e explotación sexual e que poidan xerar respostas eficaces para a reparación do dano nestas mulleres.

Sexto. Que o "*I Plan Galego contra a Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual 2022-2024*" marca a folla de ruta da Administración autonómica galega para contribuír a un cambio cultural na nosa sociedade enfocado á repulsa da trata sexual e a prostitución; a reforzar os mecanismos para a súa prevención, así como para articular unha mellor intervención coordinada dos distintos axentes. Dentro dos obxectivos deste plan, na área estratéxica 2 establece a mellora da prevención, detección, identificación e protección ás vítimas no que o fomento da colaboración entre institucións, a formación a persoal implicado na detección e o restablecemento das vítimas son obxectivos fundamentais.

O proceso de reparación das vítimas de trata e explotación sexual é longo e complexo e require de itinerarios integrais no que o traballo dos/as profesionais que as atenden é



fundamental para o restablecemento das mulleres e aínda mais necesario no caso de menores de idade. A coordinación e implicación entre os servizos sanitarios e de saúde mental, as entidades sociais que ofrecen apoio xurídico, social, psicolóxico ou laboral, ou os servizos de protección de menores son clave para o éxito da detección e da intervención.

Esta situación exige por unha parte un estudo profundo do dano que produce a prostitución sobre as mulleres e menores, tamén a necesidade de proporcionar unha formación especializada aos diferentes axentes implicados na detección de vítimas de trata/explotación sexual e intervención con estas mulleres e nenos/a e por último a realización de accións formativas dirixidas á mocidade cara á prevención do consumo e a entrada na prostitución.

Sétimo. Que a entidade Aliad Ulteira figura inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2010/14710-1 . Así mesmo figura recoñecida e inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-178, e forma parte da Rede Galega contra a Trata.

A dita entidade ten unha acreditada experiencia no desenvolvemento de programas de atención a vítimas de violencia de xénero, preferentemente inmigrantes, así como en programas de atención e reinserción social de persoas con trastornos aditivos.

Ten como finalidade, segundo os seus estatutos, a promoción dunha mellora da calidade de vida de homes e mulleres a través da atención integral a persoas en risco de exclusión por razóns físicas, ambientais, económicas, culturais ou de calquera outra natureza.

Dentro da atención a mulleres vítimas de violencia machista a entidade leva desenvolvendo 14 anos o programa "Donas", que está especializado na identificación, protección, reparación e incorporación de mulleres prostituídas, no que traballan profesionais de diferentes eidos capacitados para a intervención nunha problemática tan complexa como é a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual. A atención social, sanitaria, psicolóxica, xurídica, formativa e laboral nos seus locais están complementadas coas visitas aos lugares onde hai situacións de prostitución e cun piso de acollida dirixido a mulleres vítimas de explotación sexual.

No eido da saúde, e entendendo a atención psicolóxica dentro dela, Aliad Ulteira conta cun proxecto de detección de infeccións de transmisión sexual.

No ano 2024 a entidade ten previsto continuar o programa iniciado en 2023 e que ten como obxectivo principal mellorar a detección e intervención na recuperación de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual, especialmente aquelas con problemáticas de saúde mental e adiccións, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Oitavo. Que a Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario o fomento deste programa que vén desenvolvendo a entidade Aliad Ulteira.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do



Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario radica na necesidade de poder realizar un estudo de investigación sobre a prostitución e impartir formacións específicas que melloren a detección, o restablecemento e a prevención no eido da trata de mulleres e nenos/os e da explotación sexual. Cómpre sinalar que non existe en Galicia outro programa destas características e considérase a esta entidade como idónea para desenvolvelo dada a dobre especialización da entidade relacionada por unha banda cos trastornos aditivos e por outra co traballo con mulleres vítimas de trata e explotación sexual, circunstancia esta que non concorre noutras entidades similares, e que conta con persoal capacitado e con experiencia na materia, polo que acredita a súa capacidade para promover e coordinar un proxecto de investigación en prostitución; así como coordinar, xestionar e proporcionar unha formación axeitada e de calidade a diferentes colectivos profesionais que mellore a detección e intervención na recuperación destas mulleres, o que xustifica a non procedencia dunha convocatoria pública.

Por todo o indicado, todas as partes acordan formalizar o presente Convenio, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade Aliad Ultreia, a través da concesión directa dunha subvención a dita entidade, na realización dun programa para mellorar a detección e intervención na recuperación de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual, especialmente aquelas con problemáticas de saúde mental e adiccións, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. Actuacións que se van a realizar

A entidade Aliad Ultreia desenvolverá este programa a través de profesionais especializados/as que se concreta en cinco áreas de actuación:

a) Desenvolvemento accións formativas especializadas dirixidas aos axentes implicados na detección de vítimas de trata/explotación sexual e intervención con estas mulleres e nenos/as.

Neste área realizaranse accións formativas diferenciadas e dirixidas a diferentes profesionais que traballen neste eido como as/os profesionais do Instituto de Medicina Legal de Galicia, así como formación e grupos de traballo coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, extranxeiría, xudicatura e entidades especializadas.



b) Desenvolvemento o obradoiro "Conectad@s" dirixido á mocidade, que contemple un modelo afectivo desde os coidados e o bo trato tendo en conta os novos xeitos de relación e as novas tecnoloxías. Neste taller abordarase a prevención tanto na captación de mulleres mozas para ser prostituídas, así como a eliminación da demanda e acceso da mocidade á mesma.

c) Continuación e profundización da investigación de autoprotección da saúde das mulleres prostituídas, ampliando a mostra da investigación realizando máis cuestionarios, e elaborar unha ou varias publicacións en medios e espazos especializados.

d) Continuación da construción dunha ferramenta para a detección de menores vítimas de trata e/ou explotación sexual. Testar e mellorar a ferramenta elaborada no ano 2023.

e) Difusión a través de diversos medios da guía xurídica elaborada no ano 2023

Terceira. Financiamento

A previsión do orzamento de gastos para a realización das actuacións que ten previsto desenvolver a entidade Aliad Ulteira, ascende á cantidade de 19.600,00 euros.

Para sufragar os gastos derivados do antedito programa, a Consellería de Política Social e Igualdade aboará a entidade Aliad Ulteira a cantidade total de **19.600 €** (dezanove mil seiscientos euros) con cargo á aplicación orzamentaria 38.06.313D.481.1 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, para os gastos efectivamente realizados derivados do funcionamento do programa.

O financiamento a través deste convenio enmárcase nos fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarta. Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre o **1 de xaneiro de 2024 e o 30 de novembro de 2024**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable os gastos de persoal adscrito á execución dos servizos a subvencionar, así como os gastos correntes directamente relacionado coas ditas actuacións subvencionadas.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



Quinta. Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación dos gastos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a desenvolve, mediante a presentación da seguinte documentación:

1 Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias, número de accións formativas realizadas, número de participantes e un resumo global dos resultados obtidos. Como anexo a dita memoria deben achegar unha ficha cuantitativa segundo o modelo facilitado pola Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo remitirase a dita memoria co anexo en formato editable.

2. Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Certificación expedida polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus Números de identificación fiscal (NIF), os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.

No caso dos custos de persoal a certificación incluírá unha relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación das actuacións a subvencionar a través deste convenio que deberá indicar alomenos os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, e NIF da persoa traballadora, importes, data de pagamento, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

c) Para xustificar os custos de persoal deberanse achegar os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e documentación xustificativa do seu pagamento, e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC) correspondentes aos meses imputados e impresos de liquidación nominal do Imposto da renda das persoas físicas (IRPF) nos modelos 111 e 190.

d) Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos dentro da anualidade 2024 que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase



xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

3. Declaración responsable de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

4 Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

5. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da dirección xeral competente en materia de violencia de xénero, poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

- a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.
- c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

A xustificación deberá presentarse na Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade con data límite 2 de decembro de 2024.

Sexta. Pagamento anticipado e pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións previstas, atendendo aos límites máximos establecidos no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que recolle que :*“Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.*



Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever, ademáis, pagamentos anticipados dun 10% adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. ”

Poderase realizar un anticipo do 38 % da totalidade da subvención, previa solicitude da entidade, unha vez asinado o presente convenio.

Así mesmo, poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula quinta, agás a memoria de actuación.

Segundo o sinalado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que, de selo caso, se concederan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

Sétima. Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Oitava. Notificacións

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Novena. Obrigas

A entidade Aliad Ultreia , como entidade beneficiaria da subvención, comprométese a:

- Desenvolver as actuacións do programa recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o obxecto da concesión da subvención, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a dita concesión, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Política Social e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Ministerio de Igualdade, deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).
- Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do servizo a subvencionar a



través do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregarase a lingua castelán se esta é a elixida pola persoa interesada.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

- Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

- Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do programa subvencionado a través do presente convenio.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décima. Compatibilidade



Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Décimo primeira. Inexistencia de relación laboral

1. Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que no seu caso, precise para o desenvolvemento das ditas actuacións.

2. A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do programa a subvencionar e a Consellería de Política Social e Igualdade de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este órgano ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Décimo segunda. Modificación, revogación, e reintegro

1. A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

2. Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

3. Será causa de extinción deste Convenio

.O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.

.O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio

.A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.



. As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

4. De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo terceira. Información básica sobre protección de datos

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.



5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décimo cuarta. Publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo quinta. Réxime xurídico do convenio

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de plantexarse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro.



As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexta. Seguimento e control

1. Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes de Aliad-Ultreia designadas polas persoas que representen a cada unha das partes así como os seus suplentes.
2. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.
3. A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia será unha persoa adscrita á Dirección Xeral competente en materia de violencia de xénero designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.
4. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

Décimo sétima. Duración

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante serán subvencionables os gastos das actividades do programa realizadas entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 30 de novembro de 2024.

E en proba de conformidade as partes asinan este convenio no lugar e data da súa sinatura dixital

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

A PRESIDENTA DE ALIAD ULTREIA

Fabiola García Martínez

María Barba Núñez

